



Confederación Intersindical Galega

Sección Sindical CIG Telefónica A Coruña

Teléfono 981183969 – FAX 981183679

Email [coruna@cigtelefonica.com](mailto:coruna@cigtelefonica.com)

[www.cigtelefonica.com](http://www.cigtelefonica.com)

## Convocatoria de Asesor Base Técnico de Cliente ABTC

É esta unha convocatoria na que non se informa á RRTT, non se menciona na Comisión de Emprego, non se cita ao Comité a unha reunión da Comisión de Xestión onde se debería de informar, e falamos de máis 400 prazas en todo o estado. Dende o Comité da Coruña solicitóuselle información á empresa, a súa resposta foi que son postos específicos con funcións especializadas, sen encadrarse en ningún grupo ou subgrupo laboral concreto. Fan o que noutras ocasións, para procesos deste tipo, teñen feito.

Outra mostra do total escurantismo desta convocatoria é que os aspirantes non saben cantas solicitudes houbo para cada localidade. En convocatorias anteriores cando alguén se presentaba, unha vez rematado o prazo para as solicitudes podíase facer un seguimento do proceso de selección por Edomus, comprobando cantos aspirantes había en cada fase do proceso.

Nesta convocatoria estamos a falar de individualizar as condicións laborais de máis de 400 traballadores e traballadoras, non realizan ningún tipo de promoción subindo de categoría laboral senón que se lles asignan unha función. O traballador ou traballadora que asuma esa función queda nunha situación totalmente incerta, a empresa unilateralmente podería retirarnos esa función pois non está establecida na Normativa Laboral nin nos CC.

Ao establecer unha relación laboral co traballador totalmente individual, xustamente o que perseguen coa nova Clasificación Profesional, pérdese a capacidade da defensa colectiva. Un dos argumentos de que botaban man os defensores da nova Clasificación Profesional, empresa e socios, na última negociación colectiva era que a nova clasificación facíase necesaria entre outras cousas para rematar coa situación que se daba nalgúns áreas onde distintas categorías facían o mesmo traballo cobrando distinto, por exemplo OAPS e OTPI.

Xustamente iso é o que se pretende coa convocatoria: persoal de distintas categorías cobrando distinto por facer o mesmo traballo. Se a nova Clasificación Profesional que querían implantar no Convenio Colectivo fose necesaria e pretendese resolver o problema da relación igual traballo – igual salario; como pode explicarse que se faga unha convocatoria para actuar en sentido contrario: mesmo traballo - distinto salario.

A participación da RRTT neste proceso debe ir ao fondo da cuestión: igual traballo - igual salario, e as funcións deben encadrarse nunha categoría que se gañe en propiedade sen quedar os traballadores presos nas mans da empresa e dos complementos por función. A solución pasa por evitar crear hoxe o problema para non ter que amañalo no futuro.

Na convocatoria indícase que se valorará a experiencia en Operacións (O+M, I+M, Planta Exterior...), entendemos que a este persoal operativo está dirixida. Como xa dixemos nun comunicado anterior hai que procurar analizar os movementos da empresa no seu conxunto para tratar de entendelaos.

**Loita coa CIG na defensa dos teus dereitos !!!**

A Coruña, 28 de outubro de 2009

---

[www.cigtelefonica.com](http://www.cigtelefonica.com)